




Memoria de actividades da asociación no ano 2021


Obxectivos anuais aprobados na Asemblea.



O presente documento contén a memoria de **actividades** da asociación AMICO durante o ano 2021.

Ano que continuou marcado pola crise sanitaria provocada pola COVID-19 e que malia a iso, **queremos agradecer** a todas as persoas profesionais e entidades que nos axudaron a que esta pequena asociación saia adiante, así como e ás persoas socias e participantes que un ano máis nos mostraron a súa militancia.

NOTA: MEMORIA APROBADA POR ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DE AMICO CELEBRADA O 22/06/2022



Fortalecimiento da entidade

Actividades realizadas

- Actualización base de datos.
- Elaboración de **cartafol informativo**.
- **Actualizar contidos** en páxina web propia www.amico.es; e páxina de Facebook: Asociación Amico.
- Xestións asociativas e contacto con persoas asociadas.
- **Revisión e actualización de estatutos**: revisión da terminoloxía e actualizar previsión da realización de xuntanzas telemáticas.



Ao abeiro da Convocatoria FOAXE-P / 2021 da Deputación de A Coruña para mantemento de servizos sociais.

Facilitamos o acceso a tratamentos regulares de rehabilitación, a un prezo mais axustado (10€-15€-18€), cofinanciando coa subvención unha parte do custe das persoas participantes presentaban patoloxías crónicas e nalgúns casos neurodexenerativas.

As **actividades realizadas** no programa foron facturadas e consumidas por persoas con discapacidade:

- 295 Sesións individuais de fisioterapia en sala (incluídas as prestadas a adultos como a menores)
- 210 Sesións individuais de terapia ocupacional (incluídas as prestadas a adultos como a menores)
- 41 Sesións grupais de ximnasia adaptada de mantemento e/ou exercizos terapéuticos a persoas usuarias de cadeira de rodas. (adultas)
- Servizo de acompañamento e asistencia persoal para as persoas con discapacidade participantes nas actividades grupais de ximnasia para persoas usuarias de cadeira de rodas.
- Ao longo do ano, tamén se levou a cabo diversas actividades de divulgación, difusión, coordinación e avaliación do programa.

En **canto a número de persoas participantes**:

- Contabilizáronse individualmente 30 persoas con discapacidade beneficiarias, das cales 14 foron mulleres e 16 homes.
- A procedencia das persoas beneficiarias eran maioritariamente de Santiago, pero tamén procedían de Ames, Rois e Teo.



- Atendéronse os mais de **1.700 correos electrónicos recibidos**, maioritariamente con información xeral recibida de entidades afíns como a prensa de COGAMI, as circulares da Federación COGAMI Coruña, e mais información remitida por parte da Deputación de A Coruña, a Fundación ONCE, e outras asociacións de pacientes.
- **Deuse resposta as consultas expresamente recibidas na entidade** e que permitiron atender ás demandas de persoas asociadas así como de outras persoas e entidades que contactaron con AMICO.
- **Remitiuse información xeral** de interese ás persoas asociadas e colaboradoras.
- A resolución das consultas realízase de forma inmediata polos membros da Xunta directiva de AMICO, sempre que non requira un asesoramento profesional específico; neses casos, a consulta é remitida ás oficinas centrais de COGAMI en Santiago que conta con un equipo multidisciplinar de profesionais nas diversas temáticas..



Ao longo do ano 2021 a entidade presentou:

Utilizamos a **APP do Concello de Santiago, LIÑA VERDE**, para comunicar as deficiencias en materia de accesibilidade e impulsamos o seu uso entre as persoas asociadas ademais de darlle difusión a través das redes




Utilizamos a **APP AccesibiliApp de Cocemfe**, para reiterar e identificar varias incidencias en materia de falta de accesibilidade na contorna. Impulsamos ademais o seu uso entre ás persoas asociadas e damos difusión a través das redes sociais.



Utilizamos a **APP Park4dis, pois dita** plataforma permite a xestión e o acceso á ubicación das prazas reservadas e outros estacionamentos permitidos para persoas con mobilidade reducida.

Ante as últimas novas publicadas polo Concello de Santiago que prevé cambiar as tarxetas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida para evitar a fraude no seu uso así como a aposta por mellorar a ubicación, sinalización e dimensións das prazas reservadas existentes adaptándoas á normativa, a nosa entidade agarda a implementación dos cambios propostos, fomentando o uso da ferramenta Park4dis.





Presentamos unha queixa ante a institución Valedor do Pobo, previa comunicación á Concellería de Mobilidade e contacto con TUSSA, con N°Exp: Q/7605/21 en data 30/07/2021.-

QUEIXA SOBRE SITUACIÓN IMPEDIMENTO USO DE AUTOBÚS – LIÑA 1 QUE VAI AOS HOSPITAIS- A PERSOAS CON DISCAPACIDADE USUARIAS DE CADEIRA DE RODAS QUE NON ESTÁN ACOMPAÑADAS. SITUACIÓN QUE SE REITERA UNHA VEZ MAIS E INSTAMOS A QUE ADOPTEN MEDIDAS PARA EVITAR QUE VOLVA OCORRER.

Ante o **Concello de Santiago e a raíz das actividades vencelladas ao Nadal sobre Rodas**, que tiñan lugar nun autobús non accesible, xa que impedía o acceso á toda persoa usuaria de cadeira de rodas, **elevamos a través do rexistro electrónico común, queixa sobre esta situación:**
REGAGE21e00027428804.

Grazas a COGAMI podemos promover a participación das persoas asociadas na mellora da contorna, e para iso realizamos consultas abertas para identificar os puntos menos accesibles e prioritarios na cidade de Santiago.

- Identificando as prazas reservadas prioritarias
- Identificando as zonas nas que é prioritaria a instalación de pasamáns.



Visitamos as obras da Estación intermodal en Santiago, para coñecer os distintos elementos que daquela se estaban a habilitar.



Participamos na I Feira da Saúde organizada polo Concello de Ames, xunto con outras 16 entidades.

A través do stand habilitado, unha representación da entidade, quixo con esta participación conseguir maior presenza e visibilidade nos concellos limítrofes a Santiago.



Un ano mais o CEGADI acolleu **as Asembleas** da nosa organización.

Programa de voluntariado: Contamos cunha persoa voluntaria, estudante do Ciclo de Integración Social

Contribuímos coa difusión de campañas impulsadas por entidades afíns como Cocemfe e Cogami e impulsamos as consultas ás persoas asociadas sobre diversas temáticas.



FINANCIACIÓN

Financiación pública.

DEPUTACIÓN DE A CORUÑA – PROGRAMA FOAXE-P/2021 . Cod. Exp.:2021000004892, resolve favorablemente a concesión a esta entidade de **Subvención: 10.800,00€**, para desenvolver o **proxecto ED-3 Tratamentos de rehabilitación SERVIZO DE REHABILITACIÓN XI**, durante o ano 2021.

Financiación privada.

COTAS DE PERSOAS SOCIAS.

COTAS DE PERSOAS BENEFICIARIAS E PARTICIPANTES NO PROGRAMA DE REHABILITACIÓN.

DOAZÓNS.